



## Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
<b>Asignatura (*)</b>	Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa		<b>Código</b>	613505110	
<b>Titulación</b>	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)				
Descritores					
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
<b>Idioma</b>	Inglés				
<b>Modalidade docente</b>	Presencial				
<b>Prerrequisitos</b>					
<b>Departamento</b>	Letras				
<b>Coordinación</b>	Alonso Giraldez, Jose Miguel	<b>Correo electrónico</b>	miguel.giraldez@udc.es		
<b>Profesorado</b>	Alonso Giraldez, Jose Miguel	<b>Correo electrónico</b>	miguel.giraldez@udc.es		
<b>Web</b>	www.imaes.eu/?page_id=31				
<b>Descrición xeral</b>	Este curso constitúe unha introdución aos fenómenos da cognición e o procesamento da linguaxe. O principal obxectivo é investigar como a mente humana (e, en última instancia, o cerebro humano) almacena e usa a linguaxe en liña. O curso busca proporcionar aos estudantes coñecementos básicos sobre a realidade psicolóxica da linguaxe e da forma en que a mente utiliza (ou non) o coñecemento gramatical no uso da linguaxe ordinaria.				
<b>Plan de continxencia</b>	<p>1.Modificacións nos contidos Non se modifican.</p> <p>2.Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Ningunha.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Sesións presenciais ou 'seminarios' que pasan a ser telemáticas no mesmo horario, excepto cambios de última hora, vía Moodle e Teams. Non haberá exame final, pero si un exercicio de feedback en forma de chat ou conversación cos estudantes.</p> <p>3.Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Moodle, Teams e Correo Electrónico. 4.Modificacións na avaliación Avaliación Continua 100%. Podería incluír un breve traballo escrito, dependendo das circunstancias, Tarefas de lectura. Exercicios e Actividades propostas.</p> <p>Observacións de avaliación: terase en conta a participación vía Teams ou Moodle a través de contribucións escritas e discusións sobre os contidos.</p> <p>5.Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se modifica. Facilitaranse textos e recursos de aprendizaxe en formato electrónico.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	E01 Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A2	E02. Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
A3	E03. Capacidade de reflexionar sobre os factores que condicionan a aprendizaxe e a adquisición do inglés como lingua estranxeira.
A4	E04. Coñecemento dos estudos de cognición e procesamento dentro da investigación na lingüística inglesa.
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Este curso é unha introdución á psicolingüística e o procesamento lingüístico. A psicolingüística é a disciplina que estuda como a mente humana (e, en última instancia, o cerebro) almacena e usa a linguaxe en tempo real. Este curso persegue dotar o alumno dun coñecemento básico da realidade psicolóxica da linguaxe humana e do modo en que a mente fai uso (ou non) de información gramatical durante o procesamento lingüístico en tempo real.	A11	B17	
	A12	B18	
	A13	B110	
	A14		



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á psicolingüística: obxectivos, alcance e métodos. 2. Experiencia ou xenes. Innatismo. 3. A bioloxía da linguaxe. Adquisición. 4. As palabras na mente. 5. Comprensión sintáctica. 6. Produción sintáctica. Lingüística cognitiva. 7.-A produción semántica. A importancia do significado.	TEORÍAS COGNITIVAS e HISTORIA TEORÍA LINGÜÍSTICA COGNITIVA- INTRODUCCIÓN- TEORÍAS COGNITIVAS E FUNCIONAIS TEORÍAS COGNITIVAS E FUNCIONAIS II A relación entre o coñecemento lingüístico e a cognición. Produción da linguaxe e do discurso, etapas. Comprensión (definición, coherencia e cohesión, avaliación da comprensión). A teoría cognitiva de Chomsky. Funcionalismo e experiencialismo. A función simbólica da linguaxe. Experiencia lingüística e fundamentos léxicos. Semántica cognitiva Categorización, prototipos, esquemas. A representación mental das categorías. O concepto de 'frame'. A experiencia encarnada: embodied experience. Metáfora e metonimia. Blended metaphor. A construción dos espazos da mente. Aspectos cognitivos da gramática Cognición e literatura.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A2 A3 A4 B7 B8 B10	14	30	44
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4	0	30	30
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	<p>Técnica de traballo en grupo o individual que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.</p> <p>Clases e seminarios, incluíndo debates, traballo escrito, etc. Moodle UDC.</p>
Proba de ensaio	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A asistencia ás sesións na aula é obrigatoria. Pódese acudir ao despacho do profesor en horas sinaladas, e tamén poden contactar con el profesor calquera dos sete días da semana a través do correo electrónico. É fundamental seguir a asignatura por Moodle UDC.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A2 A3 A4 B7 B8 B10	A asistencia é obrigatoria. Participación activa nas clases que se plantexen como interactivas: ata un 20% da nota final.	20
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4	Probas escritas ou orais realizadas nas aulas, na que se inclúen os contidos teóricos e prácticos do curso, coa presenza de preguntas teóricas e exercicios. Traballo(s) de curso realizados en clase: 60% (excepcionalmente podería encargarse un traballo fóra da aula ou a preparación dunha exposición oral) Destreza na expresión en inglés tanto oral coma escrita e correcta estruturación e presentación das actividades o da participación nos debates e seminarios: ata un 20%	80

## Observacións avaliación

Dado o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título, e sempre respetando as normativas de asistencia a clase das tres universidades participantes no título, así como os sistemas de avaliación que figuran expresamente nas guías docentes das diferentes materias, e sen prexuízo das consecuencias que poida ter para a súa avaliación final a ausencia a determinadas sesións presenciais.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo.

Quen non leve a cabo os traballos encomendados, no seu caso, ou non teña realizado traballo superior ao 50% do resto das categorías de avaliación, acadará a cualificación de Non Presentado. A non presentación á proba obxectiva acarreará, independentemente do resto das cualificacións obtidas, a cualificación de NON presentado.

Quen non aprobe na primeira oportunidade terá á posibilidade da oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante dous tipos de avaliación: un ou máis exercicios do mesmo valor porcentual e natureza que na primeira oportunidade o a correspondente proba escrita obxectiva.

Máis sobre os plaxios: moi importante

Nesta asignatura podería empregarse a ferramenta Turnitin na avaliación dos traballos e as actividades. Atendendo ás recomendacións da Xunta de Facultade, engádese o seguinte texto que deberá ser tido en conta polos estudantes: Turnitin é unha aplicación de uso para o profesorado coa finalidade de revisar porcións de texto procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. Esta ferramenta pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante. Se esta circunstancia acontecese entenderase como contraria á honestidade académica e aplicarase a Normativa académica de evaluaciones, de calificaciones y de reclamaciones na avaliación.



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<p>- Ungerer &amp; Schmid (1996). An Introduction to Cognitive Linguistics. Harlow: Pearson Education</p> <p>- Evans, Vyvyan and Melanie Green (2006). Cognitive linguistics, 1. Edinburgh University Press</p> <p>Aitchison, J. 2008. The Articulate Mammal. London: Unwin Hyman.</p> <p>Aitchison, J. 2001. Language Change: Progress or Decay? Cambridge: C.U.P.</p> <p>Aitchison, J. 2003. Words in the Mind. Oxford: Blackwell.</p> <p>Aitchison, J. 1996. The Seeds of Speech. Cambridge: C.U.P.</p> <p>Altman, G. 1997. The Ascent of Babel. Oxford: O.U.P.</p> <p>Carroll, D.W. 2008. Psychology of Language. Pacific Grove, California: Brooks/Cole.</p> <p>Field, John. 2004. Psycholinguistics: a resource book for students. London: Routledge.</p> <p>Field, John. 2005. Language and the mind. London: Routledge.</p> <p>Garman, M. 1990. Psycholinguistics. Cambridge: C.U.P.</p> <p>Jackendoff, R. 1993. Patterns in the Mind. New York: Harvester Wheatsheaf.</p> <p>Jackendoff, R. 2002. Foundations of language. Oxford: O.U.P.</p> <p>Pinker, S. 1994. The Language Instinct. London: Penguin.</p> <p>Steinberg, D. 1993. An Introduction to Psycholinguistics. Harlow, Essex: Longman.</p> <p>Aitchison, J. 2008. The Articulate Mammal. London: Unwin Hyman.</p> <p>Aitchison, J. 2001. Language Change: Progress or Decay? Cambridge: C.U.P.</p> <p>Aitchison, J. 2003. Words in the Mind. Oxford: Blackwell.</p> <p>Aitchison, J. 1996. The Seeds of Speech. Cambridge: C.U.P.</p> <p>Altman, G. 1997. The Ascent of Babel. Oxford: O.U.P.</p> <p>Carroll, D.W. 2008. Psychology of Language. Pacific Grove, California: Brooks/Cole.</p> <p>Field, John. 2004. Psycholinguistics: a resource book for students. London: Routledge.</p> <p>Field, John. 2005. Language and the mind. London: Routledge.</p> <p>Garman, M. 1990. Psycholinguistics. Cambridge: C.U.P.</p> <p>Jackendoff, R. 1993. Patterns in the Mind. New York: Harvester Wheatsheaf.</p> <p>Jackendoff, R. 2002. Foundations of language. Oxford: O.U.P.</p> <p>Pinker, S. 1994. The Language Instinct. London: Penguin.</p> <p>Steinberg, D. 1993. An Introduction to Psycholinguistics. Harlow, Essex: Longman.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Chomsky, N. (1957). Syntactic structures. The Hague: Mouton.</p> <p>Chomsky, N. (1959). A Review of B. F. Skinner's Verbal Behavior. Language, 35, 26-58.</p> <p>Chomsky, N. (1965). Aspects of the theory of syntax. Cambridge, MA: MIT Press.</p> <p>Chomsky, N. (1957). Syntactic structures. The Hague: Mouton.</p> <p>Chomsky, N. (1959). A Review of B. F. Skinner's Verbal Behavior. Language, 35, 26-58.</p> <p>Chomsky, N. (1965). Aspects of the theory of syntax. Cambridge, MA: MIT Press.</p>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías